



INNOVACIÓN E INDUSTRIA PRESENTA EN VIGO O PROXECTO CIENTÍFICO DA FUTURA UNIDADE TECNOLÓXICA OCEANOGRÁFICA (UTO)

- ***Esta unidade forma parte do Mapa de Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas Singulares (ICTS) estatal, xunto con outras tres instalacións galegas: o Finisterrae e os buques oceanográficos Cornide de Saavedra e Sarmiento de Gamboa***
- ***O centro estará ubicado nas instalacións da Cidade do Mar e prestará servizo técnico de apoio á investigación en oceanografía e pesquerías, así como desenvolverá tecnoloxía para a observación do océano***

Vigo, 30 de xaneiro de 2009.- O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando X. Blanco Álvarez, presentou esta mañá en Vigo os resultados do proxecto científico e tecnolóxico da Unidade Tecnolóxica Oceanográfica (UTO). A UTO, que estará ubicada na futura Cidade do Mar, servirá de base para buques oceanográficos e dará soporte técnico, loxístico e tecnolóxico á administración na prestación de servizos de apoio á investigación en oceanografía e pesquerías e no deseño e desenvolvemento avanzado de tecnoloxía para a observación do océano.

Segundo sinalou o titular do departamento de Innovación e Industria a actividade da UTO centrarase en varios puntos fundamentais, entre os que salienta a realización de investigación tecnolóxica que permitirá non só lograr avances nos buques oceanográficos senón transferir estes desenvolvementos á industria naval civil, contribuíndo deste xeito a unha valorización económica que excede o ámbito científico inicial.

Actualmente, non existe ningún outro organismo a nivel galego, estatal e mesmo europeo que proporcione o conxunto de servizos e desenvolvementos tecnolóxicos oceanográficos propostos para esta unidade. A UTO integrarase no Sistema Galego de I+D+i complementándose co resto dos axentes do seu contorno: universidade, centros tecnolóxicos e de investigación, sector empresarial e outros organismos públicos de investigación.

Misión e recursos

Entre as súas misións atópase: desenvolver un sistema integral de soporte á investigación e ao desenvolvemento das tecnoloxías mariñas; realizar investigación tecnolóxica; colaborar na formación de persoal técnico e científico; transferir novas tecnoloxías e procedementos ao sector industrial (especialmente ao naval); proporcionar servizos e consultoría oceanográfica e abrir a observación dos océanos á sociedade. Para elo, a actividade da UTO abarcará dende a prestación de servizos até a formación de persoal, pasando pola investigación, a divulgación e a transferencia de tecnoloxía.

Prevese que no centro traballen 179 persoas, a maioría persoal científico-técnico de alta cualificación. Canto ás necesidades orzamentarias para pór en marcha a UTO, o estudo contempla que se determinarán recursos por valor de 84 millóns de euros até o ano 2015,



dos que 54 millóns de euros se investirán até 2013. Destes 54 millóns, 29 correspóndenlle á construción do edificio principal e á zona de ensaios mergullados.

Estrutura e funcións

Na súa organización interna, ademais dos obradoiros, contémpanse tres departamentos con funcións ben contrastadas: o Servizo Integral Oceanográfico (SIO); o Departamento de Deseño e Desenvolvementos Avanzados (D3A) e a Plataforma Integral de Datos Oceanográficos (PIDO). O primeiro deles terá o cometido de ofrecer un servizo singular de calidade contrastada a partir de equipamentos e instrumentos científicos de altas prestacións. Este servizo servirá de apoio á investigación mariña tanto a bordo de buques de investigación como noutro tipo de buques e plataformas de observación. Dentro deste departamento ten especial importancia o Servizo de Instrumentación a Bordo, que estará dotado coas mellores tecnoloxías e ferramentas para cumprir a súa función oceanográfica.

Pola súa banda, o Departamento de Deseño e Desenvolvementos Avanzados encargárase de resolver e poñer en valor os novos retos que a comunidade científica tecnolóxica demanda para a mellor observación do océano, tanto a partir dos propios desenvolvementos xa validados como doutros que surxan da implementación de novas tecnoloxías. Por último, a Plataforma Integral de Datos Oceanográficos, ademais da xestión propia da inxente información que a UTO vai xerar pola súa propia actividade, abarca unha ampla variedade de servizos e proxectos, actualmente inexistentes, relacionados coa xestión de datos que comprenden: a custodia de datos, a recuperación de datos obtidos pola comunidade científica nas últimas décadas, dar soporte seguro como plataforma de intercambio de datos entre investigadores, OPIS e con outras axencias internacionais, a xeración de produtos de utilidade á comunidade científica e empresas e a asistencia como socio en proxectos de I+D en tarefas de xestión de datos.

Así mesmo, o centro contará con catro obradoiros (mecánico, eléctrico, electrónico e informático) que se encargarán do mantemento dos equipos e instrumentos das embarcacións, así como de levar a cabo os desenvolvementos do Departamento de Deseño e Desenvolvementos Avanzados.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA